



EIXE 2 | A Recuperación como meta

## Proxecto Voitheia

### Entidade executante

**ASOCIACIÓN ALAR GALICIA, PARA PROYECTOS GLOBALES DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORALES**  
**(<https://www.alar-galicia.es>)**

### Ámbito territorial

O proxecto Voitheia é un gabinete de prevención, sensibilización e asesoramento de persoas con tendencias suicidas e apoio profesional aos grupos más próximos.

Desenvólvese levando a cabo accións gratuítas, profesionais e confidenciais en toda Galicia.

### Persoas destinatarias

**Mozos e mozas de entre 12 e 30 anos**, residentes da comunidade galega e que presenten, ou podan chegar a presentar pola presenza de factores de risco, condutas suicidas (ideación, planificación, autolesións, tentativas ou ameazas suicidas, etc.), así como a súa contorna sociofamiliar inmediata. Así mesmo, recoñecerase a preferencia daquelas persoas en risco ou situación de exclusión social.

O foco da intervención establecese nesta franxa de idade debido á realidade estatística á que nos enfrentamos, a idoneidade desta etapa ás liñas de prevención e sensibilización e a susceptibilidade dos máis novos aos factores de risco e desencadeantes das condutas suicidas.

Así mesmo, as liñas de actuación seguirán un criterio de equidade, recoñecendo a preferencia dos colectivos máis vulnerables a ditos factores de risco (os definidos na Lei de Inclusión Social de Galicia 10/2013).

### Obxectivo

Reducir a prevalencia das condutas suicidas entre os mozos e mozas de entre 12 e os 30 anos.